



maio-xuño 25

BIBLIOTECA PÚBLICA Municipal MANUEL MARÍA, OLEIROS



MONOGRÁFICO A historia dentro da Historia

A literatura anticipase reveladora para comprender o mundo que habitamos, aproxímanos ao entendemento da Historia pasada, presente e futura. Para iso sérvese de historias máis pequenas, cotiás: a ficción achegándonos a pasaxes históricas.

LIBRO 1: NINGUÉN QUEDA, de Brais Lamela. 08/05/25

Entre o verán sufocante de Nova York e as montañas neboentas de Negueira de Muñiz, *Ninguén queda* segue os pasos dun mozo galego na metrópole norteamericana mentres rastrea a historia dunha muller desaparecida nos asentamentos de colonización da Terra Chá levantados pola ditadura na década de 1960.

Os pisos de estudantes no estranxeiro, as comunas que emerxen dos restos dos encoros e os personaxes ensimesmados que acumulan fragmentos de tempo esquecido conflúen nun relato sobre a existencia do fogar en circunstancias límite.

LIBRO 2: UN VIEJO QUE LEÍA NOVELAS DE AMOR, de Luís Sepúlveda. 12/06/25

Antonio José Bolívar Proaño vive no Idilio, un pobo remoto na rexión amazónica dos indios shuar (mal chamados xíbaros), e con eles aprendeu a coñecer a Selva e as súas leis, a respectar aos animais e os indíxenas que a poboan, pero tamén a cazar o temible tigrillo como ningún branco xamais puido facelo. Un bo día decidiu ler con paixón as novelas de amor -«do verdadeiro, do que fai sufrir»- que dúas veces ao ano lévalle o dentista Rubicundo Loachamín para distraer as solitarias noites ecuatoriais da súa incipiente vellez.